Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Tesouros

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O tesouro da igrexa das Neves de Pedrouzos

Un veciño da comarca de Castro Caldelas (Ourense), estando na cidade de Ourense escoitou a uns homes falar dun tesouro e da determinación que tiñan de ir sachalo aquela mesma noite. As referencias dicían que o tesouro estaba no adro da igrexa parroquial das Neves, en San Mamede de Pedrouzos, segundo indicaba unha cruz que había na parede.

Nada máis escoitar aquilo, o home montou no seu cabalo e foi ó lugar indicado. Cando chegaron os outros el xa arramplara cunha ola chea de moedas de ouro. Desde entón é rico e parece que aínda garda unha caldeira chea daquelas moedas.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

RISCO, V., «Miscelánea folklórica», en Cuadernos de Estudios Gallegos, II, Santiago de Compostela, 1946-47.